

Igrexa de Santa María de Oleiros (A Coruña)

(Xosé Troiano Carril)

Igrexa parroquial de orixe románica do século XIII, de planta rectangular dunha soa nave, capela maior e sancristía acaroada ó muro sur. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfoscada agás esquinais, vans e espadana. Teito artesoado de madeira e cuberta a dúas augas con tella curva do país. Un arco triunfal de medio punto divide o acceso da nave ó presbiterio. No muro norte hai unha porta cegada e unha troneira abucinada de feitura medieval.

A fachada de traza moi sinxela, segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta de acceso rectangular alintelada. Sobre o ingreso vai un óculo e rompendo o vértice da fachada, unha base para unha espadana de dous corpos sobre a cornixa franqueado por dous pináculos piramidais. O primeiro corpo formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares e serven pra aloxa-las dúas campás. O segundo corpo, un frontón curvilíneo moldurado e cun oco en arco de medio punto sobre cornixa, franqueado por dous pináculos piramidais, e rematado por outro pináculo moldurado cunha cruz de forxa.



Antiga igrexa parroquial de Santa María de Oleiros, A Coruña

Con respecto as campás ten dúas, unha en cada oco, teñen xugos de madeira en moi bo estado de conservación e tócanse a man mediante unha cadea.

Campá grande, esquerda do campanario.

No oco esquerdo sitúase a campá grande cunhas medidas de 58 cm de diámetro e 49 cm de alto interior cun peso de 113 Kg.

No "Terzo" (T), ten dous cordóns e unha inscrición: "IHS MARYA Y JOSE ANO DE 1852". Pecha esta inscrición con outro cordón.

No "Medio" (M) da campá sitúase unha cruz cunha plataforma de tres chanzos feita a base de selos e decorada a base de pétalos. Os brazos da cruz teñen remates potenciados e o pao (estipite) está cinguida cunha greca.

No "Medio Pé" (MP), pecha a decoración don dous cordóns.

Nota: Non se olla marca de fábrica, polo tanto, pasa a engrosa-la lista de campás anónimas ata que podamos ter acceso ó libro de fábrica da igrexa e poder pescudar o nome do fundidor.



Campá grande situada á esquerda do campanario de Santa María de Oleiros (A Coruña).

Campá pequena, dereita do campanario.

No oco dereito, sitúase a campá pequena cunhas medidas 56 cm de diámetro, 46 cm de alto e cun peso de 102 kg.

No "Terzo" (T), ten dous cordóns seguido dunha inscrición: "SANTA ** MARIA ** DEOLEIROS ** Ano ** D** 1848**". Pecha esta inscrición con dous cordóns.

No "Medio" (M) sitúase unha cruz cunha plataforma de catro chanzos, feita a base de selos con catro estrelas no seu interior. Os brazos da cruz (Stipites e patibulum), están decoradas cunha dobre ringleira de estrelas. Os brazos teñen remates lanceolados. Dous cordóns finos pasan polo medio do pau vertical (Stipites) da cruz. Na esquerda da plataforma está a marca de fabrica, un rectángulo coa seguinte inscrición: "ME YZO / JOSE ANTº. / DE AZA".

No "Medio Pé" (M) ten tres cordóns e pecha a decoración cun cordón no "Pé" (P).

AZA CEDRÚN, José Antonio De (Ribamontán, Cantabria)

Activo na primeira metade do século XIX. Traballa na provincia da Coruña e nós achamos as súas campás entre Santiago e a Costa da Morte. En 1802 atopábase aveciñado en Betanzos, época na que se estaba realizando o padrón de habitantes pola "Justicia y Regimiento". Sabemos por un poder outorgado a favor de Antonio de Palacio Cagigal, veciño de Santa María de Toraya, Hoz de Anero, Ribamontán al Monte (Cantabria), que os pais de José Antonio, chamábanse Roque de Aza e Rosa Cedrún Castañeda, neto por parte paterna de Francisco de Aza e de María Gutiérrez e pola materna de Josef Cedrún e de Francisca Castañeda da mesma veciñanza cántabra (A.N.C. Protocolo 2797, folio 74, escribano de número y ayuntamiento de Betanzos). Asina nas súas campás coa inscrición: "ME YZO JOSEF ANTº DE AZA", ou "ME YZO JOSEF ANTº DE AZA CEDRUN".



Campá pequena situada á esquerda do campanario de Santa María de Oleiros (A Coruña).